



COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS

Selo rexistro

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE									
Nome e apelidos/razón social					DNI/CIF/NIE				
Nome e apelidos do representante					DNI/CIF/NIE				
Enderezo de notificación. Rúa					Núm.	Escaleira	Andar	Porta	
CP	Municipio			Provincia			Teléfono		
Correo electrónico				Fax					
DATOS DA PARCELA OU EDIFICACIÓN									
Rúa					Núm.	Escaleira	Andar	Porta	
CP	Municipio			Provincia			Teléfono		
Referencia catastral									
Propietario/a da parcela ou edificación					DNI/CIF/NIE				
ACTUACIÓN A REALIZAR									
Descrición das obras:									

Orzamento de execución material					Data de inicio:				

AUTORIZA, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativa ao exercicio da actividade a desenvolver.

E **COMUNICA** que iniciará as obras a partir do día indicado (a comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días).

Unha vez rematadas as obras, o/a solicitante comprométese a presentar ante o concello a comunicación previa do inicio da actividade, aportando o certificado final das obras.

Ordes, ____ de _____ de 2015.

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORDES

ADVIRTESELLE QUE, consorte co disposto no artigo 194.5 da redacción actual da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o xustificante da presentación acredita o cumprimento das obrigas administrativas, sen prexuízo das responsabilidades dos autores sobre a documentación técnica e as certificacións expedidas, xa que non supón a aprobación técnica por parte do concello nin prexulga a situación e efectivo acomodo das obras á normativa aplicable. Tampouco limita o exercicio das potestades administrativas de inspección e disciplina para o caso de incumprimento.

ADVIRTESELLE, consorte co disposto no artigo 26 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda imponer por tales feitos". Así mesmo "a resolución administrativa que constata as circunstancias ás cales se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidade, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano".

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no RD 1720/07, regulamento de desenvolvemento, informámoste que os datos recollidos polo concello de Ordes coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa así como o envío de comunicacións comerciais, publicitarias e promocionais serán almacenados nun ou máis ficheiros titularidade do concello e o cal se encontra debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos poderán ser cedidos a empresas coa finalidade de xestionar cobros de impostos ou prestar servizos como abastecementos, servizos municipais, elaboración de estadísticas de Padróns ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais así como o de renovación do consentimento para calquera das finalidades antes sinaladas, enviando ao concello de Ordes (rúa Alfonso Senra, nº 108, Ordes) carta debidamente firmada, onde consten claramente os datos de contacto, a cal deberá acompañarse de fotocopia do seu DNI/NIE/CIF.

OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

OBRAS MENORES, de acordo co artigo 195.6 da Lei 9/2002: *"aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e dos servizos de uso común, ou do número de vivendas e locais, nin afecten ó deseño exterior, á cimentación, á estrutura ou ás condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de toda clase. En ningún caso se entenderán como tales os parcelamentos urbanísticos, os muros de contención, as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados, e os grandes movementos de terra"*.

Considéranse obras menores as seguintes:

- Mantemento de partes non edificables de parcelas e soares.
 - Limpeza e roza interior de parcelas e soares, sen movementos de terras nin tala de arboredo.
 - Reparación de peches de parcelas sen afeccións estruturais.
 - Peches diáfanos de parcelas.
- Mantemento das fachadas e cubertas dos edificios:
 - Limpeza e pintado de fachadas.
 - Cambio de carpinterías exteriores, persianas, varandas ou similares.
 - Modificación do revestimento de locais ou vivendas.
 - Reparación ou substitución de material de cubertas ou terrazas.
 - Reparación e substitución de elementos auxiliares da cuberta (caneiros, baixantes e varandas).
- Mantemento e actualización das instalacións dos edificios:
 - Substitución de instalacións privativas dunha vivenda ou local (auga, gas, electricidade, saneamento ou similar).
 - Novas instalacións non encaixadas en elementos estruturais (vigas, alicerces, paredes mestras, etc...).
 - Mantemento de instalacións comúns do edificio (ascensor, caldeiras, etc...).
- Mantemento dos acabados interiores dos edificios:
 - En paredes, solos e falsos teitos.
 - Reformas en cocinas ou baños que non modifiquen as divisións interiores.

Colocación de cubretendais en patios interiores.

OBRAS MAIORES, que non precisen de licenza municipal previa, por non estar incluídas na relación do artigo 194.2 e 196 da Lei 9/2002.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

1. OBRAS MENORES

- Datos identificativos do solicitante:
 - Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comprazan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
 - Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- Memoria técnica das actuacións previstas asinada por técnico/a competente, que inclúa:
 - Orzamento de execución material das actuacións previstas, detallado por partidas, incluíndo as medicións correspondentes.
 - Plano de situación da parcela ou edificación sobre cartografía oficial.
- Reportaxe fotográfica do estado actual da edificación ou local (dependendo do tipo de actuación), asinada pola persoa solicitante.
- Copia das autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento.

2. OBRA MAIORES QUE NON PRECISEN DE LICENZA PREVIA

- Datos identificativos da persoa solicitante
- Proxecto técnico das actuacións previstas, realizado por técnico/a competente.
- Plano de situación da parcela ou edificación sobre a cartografía oficial.
- Reportaxe fotográfica do estado actual da edificación ou local (dependendo do tipo de actuación), asinada pola persoa solicitante.
- Declaración do técnico/a facultativo/a que asine o proxecto, de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística do concello de Ordes.
- Copia das autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento.

3. Xunto cos documentos anteriores, os solicitantes deberán achegar o documento de autoliquidación dos tributos correspondente.